

SENDEIRISMO

O vindeiro **sábado 23 de agosto** a Asociación Arrincadeira inaugurará o primeiro roteiro de sendeirismo existente en Riotorto, que acaba de ser marcado por un dos nosos socios.

O roteiro discorre entre Cachán e o Chao Grande, pasando por San Pedro, o alto da Louseira, o Casarío dos Moirón, o muíño do Rego de Santo Estevo e Augaxosa.

Sairemos ás 10:00 h. dende a Casa da Rancaña tendo a ruta un grao de dificultade medio. Durante o traxecto faremos unha visita á igrexa de San Pedro, ao muíño do Rego de Santo Estevo e á emisora do Chao Grande, tendo previsto parar a comer no merendeiro do Couso, na estrada que vai a Trabada.

Os interesad@s en vir connosco poden poñerse en contacto cos membros da directiva.

Asociación ARRINCADEIRA